Sant Yago de Compostela
14 do Nadal do 55

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: ¡¡Alá vai meu rexo
abrazo e a miña legria!. Tamén se decato de ser
ainda un estudante. A nosa Facultade de Letras
inda gosta de franquear á fiestra á noite es-
trelecida dos poetas. Apraunan os vellos e hon-
rados autores.. Eu, o mesmo tempo, fun alum-
no de Martin e de Hinojosa no Noticiario de
Xardins de cinza e sons e teño algunha lei a a-
quila Facultade..
Si houbera as festas e farras de outrora habían
ire as gaitas das romerías na procisión dou-
toral sen fallar no banquete a empanada
maxistral de raxeo escolástico. nin as trora-
doires grelos..
Eu decátome unha miga o morto da len-
ción de Natomia. mais o zurruxan procura

1154-5

na carne mol o latexo da boiña afrixcoada e onde non hai tén a caridade de supor o que poidera habere.

Díxome Piñeiro que a tesis sairá na boa e fina coleición "Gredos"!

Onte a sua filla tivo a xentíleza de vir visitare istes vellos. Que Deus llo pague.. Nos todos quixeramos vêla mais amiudo e podela servire en algo.

Os pés da sua dona, saudos de Pita, miña esposa pra Vdes. e outra aperta do amigo e admirador de sempre

Ramon Otero Pedrayo